

Declaración responsable

Datos do interesado:

NIF:

Apelidos e nome/Razón social:

En representación de:

CIF:

Razón social:

En calidade de:

Declaro baixo a miña responsabilidade:

1. Non ter sido condenado mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.

2. Non ter solicitado a declaración de concurso, non ter sido declarado insolvente en calquera procedemento, non atoparme en declaración de concurso, non estar suxeito a intervención xudicial ou non ter sido inhabilitado conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

3. Non ter dado lugar, por causa de declaración de culpabilidade, á resolución firme de calquera contrato celebrado coa Administración.

4. Non estar incurso nalgún dos supostos da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, ou tratarse de calquera dos cargos electivos regulados na Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, nos termos establecidos nela ou na normativa autonómica que regule estas materias.

5. Atoparme ao corrente no cumprimento de obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, na forma que se determine regulamentariamente.

6. Non ter residencia fiscal no país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.

7. Atoparme ao corrente do pago de obrigas por reintegro de subvencións nos termos que regulamentariamente se determinen.

8. Non ter sido sancionado mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións ou a Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

9. Non estar incurso nas causas de prohibición previstas nos apartados 5 e 6 do artigo 4 da Ley orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación.

10. No caso de que resulte beneficiario da subvención solicitada, comprométome a manter estes requisitos durante todo o período inherente ao recoñecemento ou exercicio do dereito ao cobro da subvención.

Advertido das responsabilidades legais que se derivan na falsidade de documentos administrativos asino esta declaración.

Lugar, data e sinatura do interesado.

En _____, a _____ de _____ de _____

